

Edición xeral

Fin de semana literaria en Sargadelos

A fin de semana promete ser literaria, alomenos na galería Sargadelos. En dous días, dúas presentacións. Camilo Nogueira estará o venres para falar da súa obra *A memoria da nación, O reino de Gallaecia*. Un día despois, Antón Cortizas presentará *A merla de trapo* e *Chirlosmirlos*.

- 13:31 20/11/2001

O venres, a partir das oito da tarde, o eurodeputado do BNG Camilo Nogueira falará para os asistentes do libro *A memoria da nación, O reino de Gallaecia*. Pero non o fará so, xa que o acto contará coa participación de Manuel Martínez Barreiro.

Xa o sábado, ás doce da mañá, terá lugar a presentación das obras *A merla de trapo*, premio Merlín 2001, e a enciclopedia de xogos populares *Chirlosmirlos*. O autor dámbolos dous libros, Antón Cortizas, explicará os contidos das obras acompañado por Ánxela Loureiro, Pepe Ramos e Manuel Batán.

A presentación as obras de Cortizas estará precedida por unha demostración de xogos populares a cargo dos nenos do Colexio de Esteiro. A cita para os curiosos será ás once e media na rúa Dolores.